



REGULAMENTO DE PREPARACIÓN, CALENDARIO E ELECCIÓN DA CANDIDATURA PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2019 DA PLATAFORMA OURENSE MELLOR (PRIMARIAS)

Limiar

A “PLATAFORMA OURENSE MELLOR” xurde con ánimo de aglutinar a toda a cidadanía, progresista, de esquerdas e preocupada pola cidade que, logo de unha importante reflexión, decide, soberana e comprometidamente, presentarse ás eleccións municipais na cidade de Ourense, con votade de goberno e compromiso coa cidadanía.

Resultado destas reflexións nace este regulamento de preparación, calendario e elección da candidatura para as eleccións municipais de 2019.

O espírito deste documento é facilitar e potenciar a participación política, dentro dun espazo plural, fraternal e social.

Obxectivos

Este documento ten coo obxectivo regular o proceso de elaboración e elección da lista electoral da Plataforma Ourense Mellor aos órganos de representación institucional na cidade de Ourense, que deberá concorrer ás eleccións municipais de 2019.



Principios Xerais

Art.1.- O presente regulamento responde aos seguintes principios xerais:

- Igualdade de xénero
- Igualdade de oportunidades
- Facilitación da participación
- Simplicidade do proceso
- Transparencia

Art.2.- Correspóndelle a Asemblea Xeral da PLATAFORMA OURENSE MELLOR (en adiante Asemblea) a aprobación deste regulamento, así como a convocatoria de primarias, segundo o calendario exposto no ANEXO I.

Art.3.- A asemblea elixirá, de ser o caso, 3 persoas e 3 suplentes que serán as encargadas de levar a cabo todo o proceso de primarias, velando polo bo funcionamento do mesmo.

Art.4.- O proceso electoral comezará coa aprobación deste regulamento e todos os seus anexos, así como coa elección da comisión encargada da realización do proceso.

Art.5.- da comisión de eleccións

A comisión de eleccións tomará as súas decisións por maioría absoluta dos seus membros.

Será a encargada de levar o proceso de eleccións primarias, así como de cumprir e facer cumprir o calendario electoral aprobado neste regulamento.

A comisión de eleccións conformarase como mesa electoral o día de votacións, garantindo o ben funcionamento do mesmo.

As súas decisións serán soberanas.

Contra as decisións da mesma poderase presentar escrito de resolución de conflitos ante a Asemblea.



Art. 6.- do dereito a voto

No proceso de primarias terá dereito a voto toda persoa maior de 16 anos que reúna as seguintes condicións

- Sexa asinante do manifesto da Plataforma Ourense Mellor, como compromiso do cumprimento dos seus obxectivos políticos.
- No caso de que non o fose, asine o manifesto antes de producirse a votación

Art.7.- da presentación de candidaturas

Será elixible calquera persoa que cumpra os requisitos recollidos nos artigos 177 e 178 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral e cumpra, ademais, os seguintes requisitos imprescindíbeis:

- Ter asinado o manifesto da Plataforma Ourense Mellor, como compromiso do cumprimento dos seus obxectivos políticos.
- Manifestar, por escrito, un compromiso de cumprimento do Código Ético da Plataforma Ourense Mellor.
- Estar en posesión dos avais que establece o presente regulamento.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de exclusión.

Art.8.- A Comisión electoral poñerá a dispor de todas as persoas que queiran presentarse os formularios oficiais para a presentación de candidaturas e avais correspondentes.

As candidaturas presentaranse, nos modelos oficiais, a través do correo electrónico primarias@ourensemellor.gal segundo o calendario establecido no anexo I.

Art.9.- Criterios de exclusión. Non poderán ser elixíbeis as persoas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Ter significación política actual en outros partidos, plataformas, coalicións ou calquera outra fórmula que se presenten as eleccións municipais ao Concello de Ourense.
- As persoas imputadas por delitos relacionado con corrupción, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno e malversación e apropiación de fondos públicos, sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas.
- As persoas en situación de imputación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos ecolóxicos ou contra os dereitos humanos ou os dereitos das persoas traballadoras.
- Calquera persoa que se atope nalgunha das situacións que o código ético da Plataforma Ourense Mellor contempla como causa de cese ou dimisión.

Art.10.- Avais

- Terán condición de avalistas as persoas que teñan asinado o manifesto da Plataforma Ourense Mellor.
- O número de avalistas necesario será o dobre dos necesarios para a presentación da candidatura.
- As persoas compoñentes das candidaturas poderán facer de avalistas da mesma.
- Unha persoa poderá avalar a unha única candidatura.

Art.11.- das candidaturas

Poderán presentarse todas aquelas candidaturas que cumpran co artigo 8 do presente regulamento

Art.12.- Cada candidatura deberá estar composta por un número de 14 candidatas, e contará como mínimo, cun número igual de avalistas

Art. 13.- As candidaturas serán presentadas en listas pechadas, encabezadas pola persoas candidata á alcaldía, e seguindo unha orde de prelación.

Art.14.- En todo caso, as candidaturas presentadas, respectaran o principio de paridade, como mínimo, podendo ser en cremalleira ou con varias mulleres seguidas.

As candidaturas configuraranse de tal xeito que dous homes non poderán ocupar posicións consecutivas na mesma, sempre tendo que ser un home precedido, salvo o primeiro posto da lista, e sucedido por, alo menos, unha muller.

Art.15.- da votación

O voto exercerase en urna, nun espazo público comunicado coa suficiente antelación, nun día inhábil, en horario de 10h a 13h

Art.16.- Ao local de votación poderá acceder calquera persoa que respecte as mínimas garantías de convivencia, podendo permanecer no local durante o recuento de papeletas e ata que remate o proceso.

Art.17.- No período previo a votación, cada persoa candidata a alcaldía poderá facer unha presentación da súa candidatura.

Art.18.- A elección de candidaturas será polo método proporcional directo, correspondéndolle a cada candidatura o número de postos correlativos conforme a porcentaxe acadada.

Art.19.- Ao remate do recuento, e logo da proclamación de candidaturas no tramo de o 1 ao 14 a persoa elixida candidata a alcalde fará unha intervención.

ANEXO I

CALENDARIO PRIMARIAS

Do 22 ao 27 de marzo ás 12:00	Prazo de presentación de candidaturas
27 de marzo ás 14:00	Proclamación provisional das candidaturas recibidas
Ata o 27 de marzo ás 20:00	Período de reclamación e emendas ás candidaturas presentadas
27 de marzo ás 23:59	Proclamación definitiva das candidaturas
Do 28 ao 30 de marzo ás 18:00	Campaña electoral
30 de marzo de 18:00 a 20:00 31 de marzo de 11:00 a 13:00	VOTACIONES